

# Proxecto Webs Dinámicas

## Que é Moodle Mobile e Moodle Classic?

Moodle Mobile é a app oficial móbil de Moodle para Android, iOS e Windows Phone. Está dispoñible na tenda de apps de Android (Google Play), na tenda de apps de Apple (App Store) e nas tendas de apps de Windows.

Na actualidade existen dúas aplicación de Moodle para dispositivos móbiles:

1. Moodle Mobile (para Moodle 3.1 ou superior).
2. **Moodle Classic (para Moodle 2.4 ata 3.0).**

No proxecto Webs Dinámicas dispoñemos actualmente da versión 2.6 de Moodle, así que **debemos utilizar a app Moodle Classic, non podemos utilizar a aplicación Moodle Mobile que atopamos nos repositorios de Android (Play Store) e iOS (Apple Store), senón que temos que descargar a APP MOODLE CLASSIC.**

## Como instalar Moodle Classic?

Para instalar e usar a app “Moodle Classic” realiza os seguintes pasos:

1. **PASO 1.** Descargar a app “Moodle Classic” no teu dispositivo móbil (smartphone e/ou tablet). Como a app non se atopa nos repositorios dos smartphones, a única posibilidade é descargalo dende o seguinte enlace de descarga para Android: <https://apkpure.com/es/moodle-classic/com.moodle.classic>. Unha vez descargada, temos que acceder á seguridade do smartphone e permitir a instalación de aplicacións de orixe descoñecido (despois pode cambiarse a “non permitir”).
2. **PASO 2.** Cando inicies a app por primeira vez, introduce os seguintes datos:
  - Dirección do sitio: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesribadeo/aulavirtual2>.
  - Nome de usuario/a: o mesmo usuario/a que usas para entrar na Aula Virtual do teu centro.
  - Contraseñal: o mesmo contraseñal que usas para entrar na Aula Virtual do teu centro.

## Que podo facer con Moodle Classic?

A app Moodle Classic permite aos/ás usuarios/as (profesorado e alumnado) conectarse aos cursos creados na Aula Virtual do seu centro educativo, co seu teléfono móbil ou tablet e usando o mesmo nome de usuario/a e contraseñal que usa cada un/ha normalmente para entrar na propia Aula Virtual.

Esta app permite traballar cos contidos e actividades do curso en modo desconectado (“offline”) sincronizando o traballo coa Aula Virtual cando existe unha conexión viable.

Moodle Classic ofrece, entre outras, as seguintes **funcionalidades**:

#### XESTIONAR FICHEIROS:

- Subir un ficheiro á área de ficheiros privados.
- Gravar un audio ou vídeo e subilo directamente á área de ficheiros privados.
- Ver e descargar os teus ficheiros privados.
- Ver e descargar os ficheiros do curso.

#### TRABALLAR NO CURSO:

- Acceso rápido aos contidos do curso.
- Descargar e ver algúns dos recursos do curso.
- Ver os módulos “Libro” e “Paquetes de contido IMS”.
- Participar nas actividades (escolla, consulta, etc.)
- Participar nos chats do curso.
- Ver os foros e debates.
- Ver as cualificacións de actividade e as cualificacións totais do curso.

#### INTERACTUAR COS/AS DE MAIS USUARIOS/AS:

- Mensaxería privada entre usuarios/as.
- Enviar unha mensaxe privada a un/ha participante do curso.
- Ver todas as túas notificacións e mensaxes privadas recibidas.
- Engadir a un/ha participante do curso á túa axenda de contactos do teléfono.
- Chamar a un/ha participante do curso ao pulsar no número de teléfono.
- Localizar a un/ha participante do curso en Google Maps.

#### RECIBIR INFORMACIÓN:

- Ver eventos do calendario.
- Notificacións recordatorias para eventos de calendario.
- Recibir notificacións “Mobile Push”.
- Integración no calendario con recordatorios e advertencias.
- Ver as notas do sitio, do curso e as notas persoais.